

A att. Concello de Cedeira

Expediente: **Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade de Ferrol**

Tipo de documento: Proxecto de trazado

Clave: **AC/22/044.06**

-Solicítase relacione esta clave para calquera comunicación ao respecto deste expediente-

Asunto: Información pública

De conformidade co establecido no artigo 21.1 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*, infórmase que na páxina web <https://vivendaeinfraestructuras.xunta.gal/informacion-publica/estudos>, dispoñen para a súa consulta do documento referido neste oficio; debido a que se acordou sometelo ao trámite de información pública durante un prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* (prevista para o 07/03/2025) e ao informe das administracións públicas afectadas.

Así, e no que respecta ás súas competencias sectoriais, no prazo de trinta (30) días hábiles pode examinar se o trazado proposto é o máis axeitado para os seus intereses e **informar ao respecto**. Transcorrido dito prazo sen que sexa emitido o dito informe, continuarase coa tramitación do procedemento.

Así mesmo, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior sométese a información pública o referido documento, aos efectos previstos no art. 56.1 do *Regulamento de expropiación forzosa*.

Por isto, solicítaselle que **insiran no taboleiro de anuncios** dese Concello o anuncio de dito trámite, coa finalidade de que os interesados formulen alegacións durante un prazo de trinta (30) días hábiles (a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no *DOG*), na forma prevista na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, coa indicación de que unicamente poderán ser tidas en conta neste trámite as observacións relativas á concepción global do trazado exposto.

Rematado o período de información pública, solicítaselles a **expedición e remisión a Área de Deseño de Infraestruturas dun certificado** no que se faga constar que o proxecto estivo a exposición pública durante o prazo establecido, se houbo ou non alegacións e xuntando estas en caso afirmativo.

O resultado da información pública será remitido a ese Concello.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias



ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na RAEG nas rutas de acceso polo norte á cidade de Ferrol

Clave: AC/22/044.06

N.º	Concello	Ref. catastral	Políg.	Parc.	Titular	D.N.I. / C.I.F.	Clase solo (Catastro)	Clasificación urbanística	Sit. básica solo	Expropiación (m2)	Bens afectados		
											Cant.	Unid.	Descrición
1	Cedeira	15022A50100446	501	446	Carmen Anteiros Candales	***9962**	Urbano	S. non urbanizable (núcleo rural)	Urbanizado	195,26	1	Ud	Arbusto
					Antonio García Aneiros	***1054**					4,5	m2	Peche ladrillos
2	Cedeira	001502400NJ73D			José Servando Painceira Mouriz	***9982**	Urbano	S. non urbanizable (núcleo rural)	Urbanizado	39,51	4,0	m	Peche vexetal
3	Cedeira	15022A50300745	503	745	En investigación	---	Rural	S. rústico	Rural	46,28			

